



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Historia da Empresa	Código	650G01005	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía Aplicada 1			
Coordinación	Lindoso Tato, Elvira	Correo electrónico	elvira.lindoso.tato@udc.es	
Profesorado	Lindoso Tato, Elvira Miras Araujo, Jesus Vilar Rodriguez, Margarita	Correo electrónico	elvira.lindoso.tato@udc.es jesus.miras@udc.es margarita.vilar.rodriguez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia Historia da Empresa ofrece unha formación básica ao futuro graduado, orientado a traballar no ámbito empresarial e onde o coñecemento da evolución da empresa resulta determinante á hora de tomar decisións executivas.</p> <p>O obxectivo da materia é estudar e comprender a figura da empresa e do empresario e o seu papel no desenvolvemento económico (relación entre determinadas formas de empresa e a intensidade do crecemento económico). Estudar os cambios experimentados en tamaño e forma. Posibilitar a análise dos diferentes tipos de empresas incardinados nun contexto histórico. É dicir, a análise dos axentes e as organizacións empresariais en perspectiva histórico-económica ata o século XXI. E, así mesmo, establecer comparacións entre os distintos modelos empresariais ao longo do tempo e dos países.</p> <p>A materia contribúe a proporcionar unha formación que permite un coñecemento extenso e profundo da evolución da empresa moderna no longo prazo, o seu desenvolvemento e a súa situación actual, capacitando aos futuros graduados para responder de xeito crítico e responsable aos diferentes retos que se lle presenten, contribuíndo á potenciación e mellora da empresa. Permite examinar como se resolveron problemas similares aos que se enfrontan as empresas na actualidade e, xa que logo, é unha ferramenta útil para a toma de decisións. Móstrase que a realidade empresarial é plural, diversa e dinámica. Non pode ser aprehendida cunha teoría universal, nin existe unha única solución organizativa ou tecnolóxica que garanta a excelencia empresarial.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Recoñecer as diferentes fases da evolución económica e comprender as variacións que se produciron na empresa co paso do tempo	A11		
	A19		
Estudar e comprender a figura da empresa e do empresario e o seu papel no desenvolvemento económico	A11		
	A19		
Coñecer as principais formas de empresa, a súa evolución e a súa problemática nun contexto histórico	A11		
	A19		
Establecer comparacións entre os distintos modelos empresariais ao longo do tempo e dos países	A11		
	A19		
Coñecer e avaliar criticamente as distintas aproximacións teóricas sobre o desenvolvemento empresarial e como se relacionan co mundo real	A3		
Apreciar como as diferenzas nas contornas culturais, legais, políticas, sociais, etc. afectaron ás empresas e ao seu desenvolvemento en diferentes partes do mundo	A11		
	A19		



Identificar e explicar as principais vantaxes competitivas das empresas	A3 A5 A11 A13		
Facilitar o proceso de toma de decisións nas empresas a partir da familiarización cunha perspectiva histórica e temporal das mesmas	A11 A13 A19		
Analizar como os empresarios e os directivos afrontaron no pasado os problemas derivados da xestión das súas empresas	A3 A11 A13 A19		
Comprender como as empresas reaccionaron ante os cambios nos mercados, as tecnoloxías e as institucións e como, á súa vez, influíron nos mesmos	A3 A5 A11 A19		
Explicar os principais cambios estruturais que permitan ás empresas aumentar de tamaño	A5 A11 A19		C8
Mostrar a existencia dunha realidade empresarial plural, diversa e dinámica, que non pode apreenderse cunha teoría ou un modelo universal			C4
Capacidade de expresión, oral e escrita			C1
Capacidade analítica, lóxica e sintética	A24		C6
Capacidade de percura, selección e elaboración de información			C3 C6
Capacidade de traballo en equipo e de relación	A1		C4
Capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos á interpretación do material estatístico, gráfico e documental	A20 A21 A24		
Destreza na aplicación de técnicas cuantitativas para o tratamento de repertorios estatísticos	A21		
Avaliar o comportamento, a cultura e a estratexia das empresas	A12		C5 C8
Comprender a rápida dinámica de cambio dos negocios e os factores que influen nos ritmos e patróns dese cambio	A9 A11 A19		
Aprendizaxe de organización, planificación e administración do tempo de traballo	A13 A22		
Estimular o desenvolvemento do afán de superación e o liderado, favorecendo a capacidade de convicción e de aceptación dos puntos de vista dos demais			C1 C4 C6
Potenciar a creatividade e a innovación	A5 A19		C8
Fomentar a iniciativa persoal e emprendedora			C5
Xestionar o cambio con eficacia e responder a demandas cambiantes	A19		
Asumir responsabilidades á hora de lograr unha aprendizaxe e un desenvolvemento persoal e profesional (Planificación do Desenvolvemento Persoal)	A1		C3 C7
Contribuír ao recoñecemento da diversidade e a multiculturalidad			C4
Facilitar o desenvolvemento dun compromiso ético	A9		C4

Contidos	
Temas	Subtemas



Tema 1: A empresa no mundo preindustrial	<ol style="list-style-type: none"> 1. As baixas taxas de crecemento da economía preindustrial: unha visión a longo prazo da historia económica precapitalista occidental 2. A organización da produción precapitalista: a empresa antes da industrialización
Tema 2: A empresa na Primeira Revolución Industrial, 1780-1870	<ol style="list-style-type: none"> 1. A Revolución Industrial Británica e a difusión da industrialización 2. A xénese da empresa moderna
Tema 3: A Segunda Revolución Industrial e o desenvolvemento da gran empresa, 1870-1973	<ol style="list-style-type: none"> 1. A Segunda Revolución Industrial e a integración do mercado internacional 2. As estratexias de crecemento empresarial no marco da primeira "ruptura industrial". A difusión do capitalismo xerencial. O capitalismo cooperativo xaponés 3. As alternativas á gran empresa. Continuidades e cambios
Tema 4: A empresa ante os desafíos da globalización, 1973-2012	<ol style="list-style-type: none"> 1. A economía mundial entre dúas crises 2. Os últimos desenvolvementos da gran empresa e outras respostas empresariais 3. A empresa nos procesos recentes de industrialización

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	1	0	1
Estudo de casos	8	24	32
Lecturas	8	24	32
Presentación oral	3	3	6
Proba obxectiva	3	0	3
Sesión maxistral	17	51	68
Atención personalizada	8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Exposición previa das liñas maestras da materia e orientación inicial en función dos recursos bibliográficos, docentes e informáticos dos que dispón o alumnado.
Estudo de casos	Inclue as prácticas con material cuantitativo e cualitativo, así como determinadas lecturas.
Lecturas	Lecturas obrigatorias complemento das clases maxistrais.
Presentación oral	Exposición e discusión en horario lectivo das lecturas e do diverso material gráfico-estadístico que integran as clases prácticas.
Proba obxectiva	Consistirá na realización dun exame escrito sobre os contidos do programa nas convocatorias oficiais.
Sesión maxistral	Nestas sesións, o profesor impartirá as pautas chave de cada un dos puntos do temario da asignatura que o alumno debe coñecer e preparar co traballo persoal e coa axuda dos restantes instrumentos que ofrece o curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	En cada un dos casos, procurase a atención personalizada nas correspondentes sesións de clase o en horario de tutoría. Asimesmo, realizaranse actividades de orientación docente nas tutorías de grupos reducidos (4 horas para cada grupo de 15 alumnos) durante o curso.
Lecturas	
Presentación oral	
Sesión maxistral	
Actividades iniciais	



Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	Inclúen as prácticas con material cuantitativo e cualitativo, así como determinadas lecturas. A súa avaliación será conxunta coa das lecturas.	0
Lecturas	Complemento das clases maxistras de lectura obrigatoria. A realización das mesmas tamén será complementaria da actividade de estudo de casos e da presentación oral. O longo do curso, efectuarase tres probas nas que se avaliarán os coñecementos do alumno nestes aspectos. Cada unha das probas computará dez puntos dos trinta que corresponden a este apartado.	30
Presentación oral	Esta presentación correspóndese coa discusión de lecturas e dos diversos materiais gráfico-estadísticos que integran as clases prácticas. A súa avaliación será conxunta coa das lecturas e os estudos de caso.	0
Proba obxectiva	Consistirá na realización dun examen escrito sobre os contidos do programa nas convocatorias oficiais. Para superala proba, e que ésta compute na avaliación final, haberá que obter como mínimo trinta puntos dos setenta. Valorarase a capacidade de expresión, o manexo e o dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética, e o coñecemento dos contidos do programa.	70
Sesión maxistral	A súa avaliación fázase basicamente mediante a proba obxectiva realizada nas convocatorias oficiais.	0

Observacións avaliación

A avaliación do alumno comenza dende o primeiro día do curso en cada un dos apartados sinalados, con independencia da data de matrícula do alumno. Para superala asignatura, o alumno debe obter como mínimo 50 puntos dos 100 totais. No caso de que o alumno realice como máximo dous estudos de caso ou dúas lecturas evaluables durante o curso (máximo 20 puntos dos 100 totais) e non se presente ó exame oficial da materia, a calificación final recibida polo alumno será de "non presentado". Está prohibido acceder á aula do exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenaxe de información. Asímismo, é necesario que cada alumno que desexe realizar o exame se identifique correctamente co D.N. I. ou carnet de estudante, con foto actualizada, na aula onde se vaia realizar a proba. Os alumnos/as deben consultar frecuentemente a plataforma virtual da materia (moodle), onde os profesores colocan a información máis relevante da mesma.

Fontes de información

Bibliografía básica	- (). .
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

A materia non esixe requisitos previos. Nembargantes, considéranse recomendables algúns requisitos e coñecementos previos: - Coñecemento básico de informática a nivel de usuario (navegador de Internet, procesador de texto, folla de cálculo). ? Coñecementos de Historia Universal. - Familiaridade con conceptos básicos de Economía e de Empresa.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías